



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO
27 DE XANEIRO DE 2016**

Ás 9.30 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Excusan a súa asistencia Ana Barxa Cid, Sonia Souto Camba, Nuria Varela Feal, Guillermo Lorenzo Gómez, Manuel Reyes García-Hurtado e José Manuel Sobrino Heredia.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

Comeza dando conta dos cambios producidos na composición do Consello de Goberno coa incorporación como membros natos do propio reitor e mais do novo secretario xeral, da incorporación dos seis novos vicerreitores designados polo reitor –o de Política Científica, Investigación e Transferencia, Salvador Naya Fernández; o de Profesorado e Planificación Docente, Alberto Valderruten Vidal; a de Internacionalización e Cooperación, M.^a Pilar García de la Torre; a de Oferta Académica e Innovación Docente, Nancy Vázquez Veiga; a de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, Margarita Amor López e mais o de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade, Domingo Calvo Dopico– e mais de dous representantes do PDI, un por designación do Claustro (José María Sánchez Santos) e outro, conxuntamente, pola Xunta de Persoal e o Comité de Empresa (Andrés Marcos García). Informa do cesamento de Antía Pérez Caramés, Álvaro Baliña Ínsua e M.^a Carmen Ramírez Gómez, a quen lles agradece os servizos prestados.

A seguir, dá conta do cesamento da delegada do SAPE en Ferrol, Ana Álvarez García, do adxunto de Transferencia, Jerónimo Puertas Agudo, ben como da adxunta de Infraestruturas, María Concepción Carreiro Otero.

Canto aos nomeamentos, informouse dos que a seguir se relacionan:

- Adxuntos ás diferentes vicerreitorías: M.^a Dolores Candedo Gunturiz, adxunta de Titulacións; Horacio Naveira Fachal, adxunto de Investigación; María Mercedes Regueiro Diehl, adxunta de Cultura (cesando José María Mesías Lema); José Rodrigo Sanjurjo Amado, adxunto de Participación; Emilia García Arthús, adxunta de Economía;



Carlos José Escudero Cascón, adxunto da Reitoría para Tecnoloxías da Información e as Comunicacións; María Begoña Crespo García adxunta de Internacionalización e directora da Oficina de Relacións Internacionais en substitución de don Fernando Peña López

- Directora da Universidade Sénior, Matilde García Sánchez, en substitución de M.^a Pilar García de la Torre
- Secretaria do Centro de Linguas, Margarita Alonso Ramos, en substitución de Nancy Vázquez Veiga

Noutro punto, o reitor deu conta de senllos encontros institucionais cos alcaldes da Coruña e de Ferrol –en que se sentaron as bases de futuras novas iniciativas de colaboración entre estes municipios e a UDC–, da sinatura do convenio do Plan de financiamento do SUG para 2016 –remarcando a existencia da UDC de que se revisen os actuais indicadores, co fin de que reflectan dun modo máis fiel a realidade e as necesidades do SUG– e, finalmente, informou das actuacións que está a impulsar o goberno da Universidade desde que se advertira a posibilidade dun incremento dos casos de cancro no edificio que compartillan a Facultade de Socioloxía e a de Ciencias da Comunicación. En concreto, a realización dun estudo epidemiolóxico que, polo de agora, non ofreceu evidencia ningunha.

Nese momento, o reitor deulles a palabra ás vicerreitoras e vicerreitores.

En primeiro lugar, o **vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** informou dos asuntos que a seguir se relacionan:

- Convocatoria de axudas para infraestruturas científicas (BOE 16/01/2016) para centros tecnolóxicos e o SAI. As tres universidades foron convocadas pola Secretaría Xeral de Universidades para o próximo luns día 3. Tratarase de lograr que a Administración galega cofinancie unha parte do 20% que teñen que achegar as universidades.
- Previsión de que o adxunto de Transferencia sexa nomeado a finais do mes de marzo, cando remate unha estadía de investigación (Fidel Cacheda Seijo)
- Xestión de espazos no ESCI de Ferrol, co traslado da Fundación Río do Pozo, á EUP de Serantes)
- Auditoría do programa ATEMPO, prevista para os días 4 e 5 de febreiro.
- Convocatoria de axudas para actividades de investigación da UDC para 2016, para se aprobaren na Comisión de Investigación que ten lugar o propio 27 de xaneiro de 2016 ao rematar o Consello de Goberno.
- Presenza do vicerreitor na inauguración da Oficina en Bruxelas da CRUE-CRUP, aproveitada para manter diversas reunións con responsables da Comisión, European Research Council e Parlamento Europeo en materia de I+D. Informou da próxima convocatoria no mes de abril de proxectos



individuais ligados á industria, que alén dos xa existentes (starting, consolidator, advance) poden ser de interese para a UDC.

Pola súa parte, o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informou sobre os custos de persoal máximos establecidos para a Universidade da Coruña na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 e o disposto, nese mesmo texto legal, sobre a oferta de emprego público para a que se aplicará unha taxa de reposición de, como máximo, un cento por cento das baixas producidas en 2015, coa obriga de destinar un 15% do total de prazas ofertadas a «persoal investigador doutor que finalizase o Programa Ramón y Cajal e obtivese o certificado I3». Informou tamén de que a Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación suxire, nun escrito enviado á UDC, a reserva aos Ramón y Cajal dunha porcentaxe maior. Para os efectos da aplicación da taxa de reposición, deu conta de que foron 11 os PDI xubilados en 2015. En relación con isto, deu conta de que no BOE do 19 de xaneiro de 2016 foi publicada a convocatoria do concurso de acceso á praza de catedrático de universidade 15/004 correspondente á oferta de emprego público do ano 2015.

Por outra parte, de acordo co art. 36 da Lei de orzamentos da CAG para 2016, substitúese o réxime de autorización previa conxunta por unha comunicación mensual, non existindo no entanto máis información sobre o procedemento. O vice-reitor informou tamén da Resolución do 28 de decembro de 2015 (DOG do 13 de xaneiro de 2016), da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se publica o acordo de interpretación do artigo 29 do II Convenio colectivo do PDI laboral das universidades públicas galegas incluíndo o cómputo, como servizos prestados no ámbito docente ou investigador, as vinculacións laborais ligadas a contratacións non incluídas no ámbito de aplicación do Convenio.

Finalmente, informou da autorización emitida o 18 de decembro de 2015 para a contratación como profesoras contratadas interinas de substitución das (4) profesoras axudantes doutoras que finalizan contrato no segundo cuadrimestre do curso actual, segundo o disposto no Acordo do Consello de Goberno do 28 de maio de 2015 sobre promoción do profesorado axudante doutor, así como da autorización do 20/01/2016 para manter a vixencia ata fin de curso do cambio de dedicación dun profesor contratado interino de substitución. Finalmente, informou de que a COAP, na súa reunión do 21 de xaneiro de 2016 autorizou, por delegación do Consello de Goberno, a venia docente dun profesor da EU de Relacións Laborais.



A **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** informou, en primeiro lugar, das convocatorias de axudas realizadas no mes de xaneiro de 2016 e, entre elas, as axudas para a realización de viaxes de estudos, as destinadas ás asociacións de estudantes e as axudas de transporte urbano na cidade da Coruña e de transporte metropolitano entre A Coruña e Ferrol para o curso 2015-2016. A respecto destas últimas, a 559 estudantes que ficaron en listaxe de agarda púdoselles conceder finalmente a axuda a que tiñan dereito grazas a unha modificación orzamentaria.

Deu conta tamén doutras iniciativas tales como o programa «O teu futuro en Boas Mans», dirixido a difundir e dar publicidade dos títulos (graos e mestrados) da Universidade da Coruña, ben como a inauguración, o pasado 21 de xaneiro, do PROGRAMA YUZZ «Jóvenes con ideas» do Centro Internacional Santander Emprendimiento (CISE) da que a UDC é un centro YUZZ, para a promoción do talento e o espírito emprendedor, dirixido a mozos con idades comprendidas entre os 18 e os 31 anos. Finalmente, deu conta do inicio das actividades do SAPE na Coruña e Ferrol de «Visita o teu campus», Charlas de divulgación científica e Charlas aos centros de bacharelato.

A **vice-reitora de Internacionalización e Cooperación** informou dos Programas Internacionais de Mobilidade con fins de estudos, curso 2016-2017. No cadro da política de internacionalización integral da UDC, a Universidade publicará nos próximos días a convocatoria de mobilidade de estudantes para o curso 2016/2017 para realizar estadias con fins de estudos en universidades estranxeiras, que integra os programas Erasmus+ e mais o de Mobilidade no marco de convenios bilaterais ou de dobre titulación internacional fóra da órbita dos programas anteriores.

Da súa parte, a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** informou de que, o pasado 20 de xaneiro, foi convocada pola Secretaría Xeral de Universidades a unha reunión, co fin de tratar sobre a constitución dun grupo de traballo para a mellora da formación docente.

Indicou tamén que o 22 de xaneiro a Secretaría Xeral de Universidades remitiu información sobre os mestrados que non acadaron o número mínimo de 20 alumnos matriculados, con vistas ao curso 2016-2017. Sinalou que o seu departamento vai elaborar un documento que inclúa xustificacións para manter a oferta académica da meirande parte deses títulos. Estase a traballar en colaboración coas vice-reitorías correspondentes das universidades de Santiago e Vigo co obxectivo de chegar a acordos para que os mestrados non estean sometidos a criterios tan estritos e discrecionais.



Deu conta da convocatoria inminente das bolsas Inditex para estadias predoutorais.

Alén de informar das actividades da cátedra Jorge Juan para os meses de xaneiro e febreiro de 2016, a **vice-reitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** quixo agradecer expresamente a colaboración prestada polo equipo directiva da EUP e a Xerencia da Fundación Río do Pozo para facilitar a nova localización desta entidade.

2. Aprobación da acta da sesión anterior

Aprobouse sen modificacións o rascuño da acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno realizada o 16 de decembro de 2015.

3. Contratos e convenios

O Secretario Xeral informou da subscrición de dous (2) convenios marco, doce (12) convenios específicos e cincuenta e dous (52) convenios de prácticas que figuran como **anexo III**.

Neste sentido, o decano da Facultade de Ciencias propuxo axilizar a tramitación dos convenios de prácticas, comprometéndose o secretario xeral a estudar o asunto no marco da revisión xeral a que obriga a adaptación da UDC á Lei 40/2015.

4. Elección de representantes do PDI no Consello Social

Acordouse, por asentimento, designar, por proposta do reitor, a Salvador Naya Fernández como representante do PDI no Consello Social da UDC en substitución de Ricardo Cao Abad, e manter a representación dos demais colectivos.

5. Elección de membros das comisións delegadas do Consello de Goberno

Por seren as únicas candidatas presentadas e non ser necesaria elección, foron designadas as profesoras Natalia Álvarez Lata (Comisión de Asuntos Económicos, PDI) e Elena Sierra Palmeiro (Comisión de Extensión Universitaria, PDI).



Na Comisión de Plan de Estudos, achándose vacante un representante do PDI do ámbito tecnolóxico, o profesor Jesús Miguel Muñoz Cantero retirou a súa candidatura. Foi designado o outro candidato, Luís Hervella Nieto.

6. Aprobación de calendario de novas propostas e modificacións de programas de grao e mestrado para o curso 2017-2018

Foron aprobados por asentimento nos termos presentados pola vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente segundo figuran no **anexo IV**.

7. Aprobación de calendario de novas propostas e modificacións de programas de doutoramento para o curso 2017-2018

Foron aprobadas por asentimento nos termos presentados pola vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente segundo figuran no **anexo V**.

8. Renovación da Comisión de Estudos Propios de Posgrao

Por proposta da vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente, acordouse por asentimento designar para a Comisión de Estudos Propios de Posgrao ás profesoras Begoña Simal González (ámbito de Humanidades), Socorro Castro García (ámbito de Ciencias) e Rocío Quintáns Eiras (representante das directoras de estudos propios de posgrao). A vicerreitora quixo agradecer expresamente os servizos prestados aos anteriores membros desta Comisión.

9. Proposta de procedemento para a elaboración do Plan docente anual (PDA) 2016-2017

O **Vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente** explica que, a respecto do procedemento seguido para o PDA 2015-2016, incorpóranse como novidades a norma reguladora da docencia en inglés aprobada polo Consello de Goberno ben como outros aspectos novidosos relativos á recollida de información.

Intervén a profesora **Susana Ladra** para solicitar a equiparación entre a carga docente asociada á dirección e xulgamento de TFG e a, menor, asociada aos proxectos de fin de carreira.

O profesor **Anxo Calvo** propón que a dirección e xulgamento de TFG se reparta de forma máis razoable entre o conxunto do profesorado dos centros, proposta secundada polo profesor **Sergio Santos**, decano da facultade de



Ciencias da Saúde. Nese mesmo sentido, a decana da facultade de Ciencias da Educación, **Ana Iglesias**, indica que hai que evitar que a atención aos TFG descansa simplemente na voluntariedade do profesorado. Propón que, como ocorre no seu centro, esta materia compute no POD do propio curso e non no do seguinte. O decano da Facultade de Ciencias, **Moisés Canle**, sinala que hai que distinguir entre aquel profesorado que por non ter cuberta a súa capacidade docente teñen a obriga de asumiren TFG e aqueloutro que si a ten. A este respecto, a decana de Filoloxía, **M.^a Jesús Lorenzo**, lembra a necesidade de ter en conta o 10% suplementario sobre a carga docente cuberta. Informa de que na conferencia de decanos de Letras se fixeron diversas propostas de interese, entre elas a de modificar a defensa dos TFG (por medio de paneis e non de tribunais) ou a substitución da orientación individualizada pola orientación conxunta, sempre sen prexuízo das titorías individuais.

Terzando neste debate, o **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente** reconece que, talvez, o problema estriba en que o recoñecemento dos TFG no POD se produce a posteriori e non no mesmo curso comprometéndose a estudar algún posible cambio. Canto á equiparación entre TFG e PFC, amosa a disposición da Vicerreitoría para estudar o asunto coas direccións dos centros afectados.

Intervén o **reitor** para lembrar que TFG e TFM son unha materia como as outras e só diverxen na forma de computar no POD. Son os centros, indica, os que deben garantir a cobertura destas materias, correspondendo aos departamentos a súa distribución entre o profesorado que, pola súa parte, se debe limitar a tutelar o TFG ou o TFM. De feito, a normativa da UDC xa permite que cada centro poida adaptar a avaliación dos TFM ás súas propias peculiaridades, admitíndose xa solucións e procedementos diversos. Tras mostraren **Ana Iglesias**, **Anxo Calvo** e **Inés Pernas** a súa preocupación, o **reitor** conclúe que hai que traballar para que se poidan computar no POD do mesmo ano.

A proposta apróbbase por asentimento segundo figura no **anexo VI**.

10.Proposta de convocatoria de prazas PDI contratado polo procedemento de urxencia

Apróbbase por asentimento a convocatoria proposta polo vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente dunha praza na Facultade de Ciencias da Educación, no Departamento de Psicoloxía, para cubrir a docencia liberada pola nova vicerreitora de Internacionalización e Cooperación, profesora **M.^a Pilar García de la Torre** e que figura como **anexo VII**.



11. Cambios de dedicación PDI para o curso 2015-2016

Apróbanse por asentimento os cambios de dedicación propostos polo vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente para os profesores Pablo Fidalgo Paredes (de P05 a P06), Ibán Lamas Criado (de P03 a TC) e Roberto Rey Expósito (de P06 a TC) e para a profesora Nuria Rebollo Quintela (de P06 a TC), xustificados todos eles por baixas ou pola menor carga docente de profesorado integrado no Consello de Dirección da UDC e que figuran como **anexo VIII**.

12. Proposta de renovación de nomeamento de profesores honorarios

Apróbase por asentimento a renovación do nomeamento dos profesores honorarios Antonio Fernández García e Ramón Gómez Rodríguez, ambos os dous da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas e que figuran como **anexo IX**.

13. Aprobación das memorias finais de anos sabáticos correspondentes ao curso 2014-2015

Apróbaronse as memorias presentadas, todas elas informadas favorablemente polos departamentos correspondentes, polos profesores e profesoras Margarita Alonso Ramos, Begoña Crespo García, Cristina Fernández Bernárdez, Joaquín Fernández Madrid, Luís Hermida González, Carlos Martínez-Buján Pérez, Luciano Rodríguez Gómez, José Romay Martínez, Francisco Javier Sanz Larruga e María Antonia Señariz Rodríguez e que figuran **anexo X**.

14. Quenda aberta de intervencións

Intervén en primeiro lugar o alumno **Alberto Franco Figueira** para solicitar a ampliación do número de convocatorias para os estudos de mestrado, nomeadamente para aqueles que teñen carácter profesionalizante. Quéixase tamén da escasa iluminación do campus e do desaproveitamento que supón o quecemento do edificio da Escola de Camiños que obriga, en ocasións, a ter que abrir as xanelas en pleno inverno. Diante do feito de que máis de quíntos alumnos estean na listaxe de agarda para accederen á axuda de transporte, solicita que se incremente a partida orzamentaria destinada a este fin e que se reduza, en xeral, o prezo do billete. Finalmente, manifesta a súa preocupación en relación coa salubridade da Facultade de Socioloxía e solicita que o alumnado sexa informado.

A seguir, intervén a alumna **Inmaculada García-Fuentes Corredoira** para solicitar que se cambie o calendario académico co fin de permitir algúns días



de descanso entre a fin dos exames do primeiro cuadrimestre e o comezo das aulas do segundo. Quéixase tamén dos fallos no sistema de Secretaría Virtual e súmase á petición de información para o alumnado de Socioloxía e de Ciencias da Comunicación.

Sergio Santos, decano de Ciencias da Saúde, solicita un incremento do cómputo en POD do PAT.

Inés Pernas pregunta á vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria se este ano van ser convocadas ou non as axudas da UDC para colaboración nos departamentos. Indica tamén que seguen sen se pagar facturas de fins de 2015.

O representante do PAS **Xosé Portela** refírese á situación sanitaria das facultades de Socioloxía e Ciencias da Comunicación. Indica que a revisión médica ao persoal do centro consiste apenas nunha entrevista e traslada a preocupación existente entre o PAS de ambos os centros. A respecto da integración do Instituto de Ciencias da Saúde no INIBIC, pregunta ao Xerente como se vai facer e solicita que se teña en conta o PAS. Pregunta se, recentemente, foi condenada a UDC a recoñecer o carácter indefinido de traballadores contratados con cargo a algún programa autonómico de emprego.

O decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, **Anxo Calvo**, informa de que os organizadores do acto celebrado no seu centro o 16 de decembro de 2015 incumpriron as condicións da autorización. Pregunta á Xerencia que iniciativas se adoptaron a este respecto.

A seguir intervén o **reitor** para dar contestación ás cuestións suscitadas. A respecto dos mestrados, recoñece que a normativa de permanencia non ten en conta a situación especial dos mestrados profesionalizantes e sinala a necesidade de a modificar, co fin de aproximar as regras aplicables a estes mestrados ás vixentes para os graos. Canto ás axudas para o transporte urbano, informa de que se está en conversas co Concello da Coruña para fixar unha tarifa xeral, máis reducida, para o conxunto dos estudantes da UDC. No entanto, realizouse unha modificación do orzamento para suplementar a partida inicialmente prevista.

Polo que atinxe á situación das Facultades de Socioloxía e Ciencias da Comunicación, chama a atención sobre a necesidade de actuar con responsabilidade co fin de non crear unha alarma inxustificada. Lembra que, no entanto, non hai ningún dado concluínte mais, aínda así, xa foi establecido un protocolo de actuación de acordo co cal (a) están a se realizar enquisas



epidemiolóxicas e de saúde ben como (b) investigacións ambientais. Deu conta de que os decanos de ambos os dous centros xa foran informados no mes de setembro e de que no caso do estudantado non se detectou, até o momento, problema de saúde ningún.

A respecto da Secretaría Virtual informou de que os fallos detectados, causado pola renovación de certificados, xa foron solucionados. Lembrou que o PAT debe incluírse dentro das seis horas de titorías que todo o profesorado debe cumprir semanalmente e, finalmente, que o proceso de integración do INIBIC acaba de iniciarse e que é vontade do equipo de goberno afrontar xunto coa representación do PAS calquera situación que así o requira.

Tomou a palabra despois a vicerreitora **de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** para informar de que non hai, polo de agora, previsión de convocar as bolsas de colaboración cos departamentos para este curso académico.

O **xerente**, pola súa parte, após informar de que as sentenzas que declaran persoal indefinido non fixo a determinados axentes de emprego xa foron executadas. Que na actualidade estamos con algúns focos, isto é, demandas formuladas polos afectados en relación con certos aspectos concretos referentes á execución do fallo. Relativamente ao PAS do INIBIC, sinala que este asunto se tratará na negociación da adaptación da RPT. Respecto do acto celebrado na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais o 16 de decembro pasado, sinala que xa foi enviada unha carta aos organizadores trasladando as queixas do centro. Polo que atinxe ao pagamento aos subministradores, deu conta da previsión de que ao longo de mes de febreiro estean xa pagadas todas as facturas de 2015.

Intervén finalmente o **reitor** para lembrar que calquera posible alteración do calendario académico debe partir de que hai defensas de TFG que se realizan nos últimos días do mes de xullo e que as aulas comezan a primeira semana de setembro.

Tras as anteriores intervencións, o reitor dá por rematada a sesión do Consello de Goberno ás 12:10h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Aymerich Cano

Julio Abalde Alonso